

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 8 DE SETEMBRO DE 2008.

<p>Asistentes: Alcalde-Presidente: D. Jose Demetrio Salgueiro Rapa Vocais: D. José Manuel González Alvarez D^a Ana Maria Abad López D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro Secretario: D. Luis M^a Fernández del Olmo. Interventora: D^a Elena Santos Rey</p>
--

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as 18 horas do día 8 de setembro de 2008, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Jose Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo e da Interventora D^a Elena Santos Rey, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.
Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior 14 de agosto de 2008.
Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

B.1) SOLICITUDE DE D^a. CAMELIA HERMIDA FOLGUEIRA E D. RAMON GALDO OTERO RELATIVO A CONSTRUCCIÓN DUN MURO MEDIANEIRO DE 50 METROS DE LONGO EN VILELA – RIGUEIRA.

Vista solicitude formulada por D^a. Camelia Hermida Folgueira con D.N.I nº: 76.563.815-N e con enderezo en Vilela, 2 (27879 Rigueira) e D. Ramón Galdo Otero con D.N.I nº: 33.706.203-W e con enderezo Vilela, 1 (27879 Rigueira), para realización de obras de construción dun muro medianeiro de 50 metros de longo en Vilela – Rigueira. Polígono 42 Parcela 205. Expediente nº: 2772/08.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación que se achega, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural, de acordo coa vixente Normativa Urbanística do Concello de Xove. Artigo 24 da Lei 15/2004 do 9 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 do 30 de decembro de LOUPMRG. Núcleo Rural de Vilela – Rigueira.

Na sesión plenaria do día nove do mes de xuño aprobouse inicialmente ó PXOM e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termino municipal nos termos e condicións sinaladas no Art. 77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no Art. 120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.

Tendo en conta que non existe discrepancia entra a Normativa Urbanística aplicable prevista, tanto nas NN.SS como no PXOM aprobado inicialmente, toda vez que o muro que se pretende, ubicase en ámbolos dous casos dentro de Solo de Núcleo Rural, pódese outorgar a licenza que se solicita, segundo as condicións do muro de acordo co Artigo 42.1.C

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- O muro que se pretende non poderá superar os 1,50 metros.
- Construírse en cachotería concertada, bloque de formigón branco ou pintado.
- Este muro non deberá impactar negativamente no ámbito en que se sitúa.
- As obras que se solicitan, respectarán as aliñacións e sinalizacións correspondente.
- O muro de peche distará a mesmo que antes do comezo das obras, quedando prohibido calquera tipo de construción, reconstrución ou ampliación, limitándose estas as imprescindibles para a conservación e mantemento da construción existente (Art. 35-1 Lei 4/1994)
- A licenza outorgase sen prexuício de terceiros e dos lindes dos colindantes.
- Previo o inicio das obras, por parte dos servizos técnicos municipais, levantarase a correspondente acta de reformulo, sen a cal non terá validez a licenza.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 600,00€salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 12,00€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 1 mes e 6 meses para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.2) SOLICITUDE DE D^a. CAMELIA HERMIDA FOLGUEIRA RELATIVO A REPARACIÓN DE MURO XA EXISTENTE DE 70 METROS DE LONGO EN VILELA – RIGUEIRA.

Vista solicitude formulada por D^a. Camelia Hermida Folgueira con D.N.I nº: 76.563.815-N con domicilio en Vilela, 2 (27879 Rigueira), para realización de obras de reparación dun muro xa existente de 70 metros de longo en Vilela – Rigueira. Polígono 42 Parcela 205. Expediente nº: 1759/08.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación que se achega, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural, de acordo coa vixente Normativa Urbanística do Concello de Xove. Artigo 24 da Lei 15/2004 do 9 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 do 30 de decembro de LOUPMRG. Núcleo Rural de Vilela – Rigueira.

Na sesión plenaria do día nove do mes de xuño aprobouse inicialmente ó PXOM e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termino municipal nos termos e condicións sinaladas no Art. 77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no Art. 120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.

Tendo en conta que non existe discrepancia entra a Normativa Urbanística aplicable prevista, tanto nas NN.SS como no PXOM aprobado inicialmente, toda vez que o muro que se pretende, ubicase en ámbolos dous casos dentro de Solo de Núcleo Rural, pódese outorgar a licenza que se solicita, segundo as condicións do muro de acordo co Artigo 42.1.C

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- O muro que se pretende non poderá superar os 1,50 metros.
- Construírse en cachotería concertada, bloque de formigón branco ou pintado.
- Este muro non deberá impactar negativamente no ámbito en que se sitúa.
- As obras que se solicitan, respectarán as aliñacións e sinalizacións correspondente.
- O muro de peche distará a mesmo que antes do comezo das obras, quedando prohibido calquera tipo de construción, reconstrución ou ampliación, limitándose estas as imprescindibles para a conservación e mantemento da construción existente (Art. 35-1 Lei 4/1994)
- A licenza outórgase sen prexuício de terceiros e dos lindes dos colindantes.
- Previo o inicio das obras, por parte dos servizos técnicos municipais, levantarase a correspondente acta de reformulo, sen a cal non terá validez a licenza.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 650,00€salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 13,00€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 1 mes e 6 meses para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.3) SOLICITUDE DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO Nº 34-36 DA URBANIZACIÓN PALMEIRO RELATIVO A REPARACIÓN DE ASCENSOR.

Vista solicitude formulada pola Comunidade de Propietarios Urbanización Palmeiro do Edificio Nº34-36 con C.I.F nº: H-27103878 con domicilio en Urb. Palmeiro. Edificio Nº 34-36 (27879 Rigueira), para realización de obras de reparación de ascensor. Expediente nº: 2774/08.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que na sesión plenaria do día nove do mes de xuño aprobouse inicialmente ó PXOM, e acordouse a suspensión do termino municipal nos termos e condicións sinaladas no art. 77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no art. 120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.

Tendo en conta que as obras que se solicitan, non inciden nas condicións urbanísticas aplicables a parcela en que se sitúa a edificación pese a diferenza de Normativa aplicable entre ambos planeamentos, enténdese que se pode outorgar a licenza que se solicita, sempre e cando a mesma se ataña por completo ao solicitado: **Arranxo dun ascensor.**

As obras de remozamento interior que se pretenden realizar, de acordo coa documentación que se achega, subscrita polo interesado, atópanse dentro do Núcleo Urbano de Xove. Artigo 98.- Ordenanza 7ª. Solo Urbano Residencial. Urbanización Palmeiro. Normas Subsidiarias do Concello de Xove.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- As instalacións necesarias para a realización destes traballos deberán estar perfectamente valladas, na zona de arcén, coas sinalizacións obrigatorias, así como a disposición correspondente de luces de sinalización en horas nocturnas, pola súa situación en plena zona urbana.
- As instalacións auxiliares e a propia obra disporán do correspondente seguro de responsabilidade civil.
- O ámbito da edificación, polo posible depósito de entullos, deberá quedar perfectamente limpo.
- Deberanse satisfacer as taxas correspondentes por ocupación de vía pública durante o tempo de permanencia das devanditas instalacións.
- Habida conta que de acordo coa documentación que se achega, as obras que se pretenden, terán consideración de obra menor e pola súa condición de obras de acondicionamento non poderán afectar a elementos estruturais, nin suporán aumento de volume da edificación existente.
- Respetarase o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de remozamento ao solicitado.
- Así mesmo, ditas obras non poderán incidir negativamente nin varias as condicións de habitabilidade do edificio, de acordo co vixente Regulamento.
- Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade, tanto na execución das obras como da vía.
- A licenza outorgase con independencia dos estatutos que a Comunidade do Edificio teña establecido, así como os permisos pertinentes dependentes doutras administracións como a Consellería de Industria.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 64.960,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 1.299,20€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 1 ano para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32

de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

C)CONTAS E FACTURAS

C.1) AXUDAS DE CUSTO DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES Ó MES DE AGOSTO DE 2008.

Por tres votos a favor e coa abstención do interesado, procédese á aprobación das axudas de custo da Alcaldía, correspondentes ó mes de agosto de 2008, por importe de 321,76€

D)OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2008 DE SUBVENCIÓN A D^a. MARÍA SUSANA MARIÑO PARAPAR, COMO AUTÓNOMA.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada pola empresaria autónoma D^a. María Susana Mariño Parapar, con D.N.I. nº: 76569629-F, con domicilio en Camba, 22 (27877 Xuances) para a súa inclusión como autónoma no Plan de Emprego do ano 2008, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2008, e de conformidade coas bases que o regulan para a empresaria autónoma os cales datos se relacionan de seguido:

Nome	Enderezo	Actividade
María Susana Mariño Parapar	Camba, 22 27877 Xuances	Centro Social (Cruceiro)

2º) A subvención que se concede estase a rexer polas bases aprobadas por este Concello, en sesión de 11 de xaneiro de 2007, debendo instar prórroga para o exercicio 2009 a partir do 31 de decembro de 2008.

3º) Recórdase á solicitante de axuda que debe cumprir especificamente o establecido no Anexo B “ Plan de Emprego Municipal – Autoemprego” das Bases Reguladoras que establece no seu punto oitavo que “despois da notificación do acordo de concesión de axuda, a persoa autónoma, presentará no Concello unha copia da alta na Seguridade Social que non poderá ser máis de dous meses posterior á data de solicitude desta subvención”.

Así mesmo, “os abonos das axudas efectuaranse con carácter xeral, transcorridos seis meses dende a data de alta. Para o libramento da axuda correspondente a persoa interesada aportará copia dos recibos de pago das cotas mensuais da Seguridade Social de todos os meses dos que solicita cobro. O período mínimo de alta na Seguridade Social será de seis meses”

4º) A notificación á interesada, para os efectos oportunos.

D.2) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA.

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2007 por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome do perceptor	Contratación subvencionada	Períodos	Contía
Estableciment ^{os} Rey Avda. Diputación, 88 27870 Xove	Eduardo Rodríguez Basanta Avda. Diputación, 78 -1º 27870 Xove	Xaneiro-December 2007	5.580,65€
	Isabel Dosinda Rey Pardiño Avda. Diputación, 25 – 1ºC 27870 Xove	Xaneiro-December 2007	
	Jacobo Fernández Casabella Veiga, 41 27879 Rigueira	T(Abril(14d) – Outubro (14d) I(Outubro(16d)- December)2007	
	Jose Luis Pico Rey Avda. Diputación, 25 – 1ºC 27870 Xove	Xaneiro-December 2007	
	Mª Angeles Castro González Camiño Real, 36 – 3ºD 27870 Xove	Xaneiro- December 2007	
	Rubén Pico Rey Avda. Diputación, 25 – 1ºC 27870 Xove	Febreiro (13días) +December 2007	
Unai Donoso Redondo Urb. Palmeiro, 53 – 2ºA 27879 Rigueira	Xaneiro – Marzo 2007		

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D. 3) EXPEDIENTE PRORROGADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2008 DE SUBVENCIÓN A CATYCRIS, S.L

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo empresario e para o traballador, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó amparo do Plan de Emprego para o ano 2008 e de conformidade coas bases que o regulan como prórroga de 2007 para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

Empresa	Enderezo	Traballador/a	Enderezo
Catrycris, S.L	Avda. Diputación, 26 27870 Xove	Vanesa Docal Balseiro	Acceso Grupo Escolar, 13 – 4ºD 27870 Xove

2º) A subvención que se concede réxese polas bases aprobadas por este Concello, en sesión de 11 de xaneiro de 2007 debendo instar prórroga para o exercicio do 2009 a partir del 31 de decembro de 2008.

3º) Recórdase ó solicitante de axuda que de conformidade coa base 8 das condicións a que se atopan suxeitos os empresarios ó abeiro deste plan “ 8) O abono das nóminas do

persoal acollido ó PEM deberá efectuarse necesariamente mediante transferencia bancaria e acreditarase copia da mesma así coma os tc1 e tc2 (documento da Seguridade Social) ante esta entidade para a percepción da axuda concedida á empresa.”

4º) A notificación ó empresario e á traballadora, os efectos oportunos.

D.4) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA.

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ós exercicios de 2007-2008 por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome do perceptor	Contratación subvencionada	Períodos	Contía
Catycris, S.L Avda. Diputación, 26 27870 Xove	Vanesa Docal Balseiro Acceso Grupo Escolar, 13 -4ºD 27870 Xove	Setembro 2007 – Marzo 2008	525,00€

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.5) PLANS DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA A EMPRESARIO AUTÓNOMO.

Vistos os expedientes incoados ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2008, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axudas concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e polas contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome do autónomo	Actividade	Períodos	Contía
Aladino Fernández Fra	Fisioterapia	Xaneiro – Abril 2008	350,59€

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos

D.6) EXPEDIENTE DO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2008 DE SUBVENCIÓN A D. ANTONIO DOMÍNGUEZ BARRO COMO AUTÓNOMO.

Vista a solicitude formulada polo empresario autónomo D. Antonio Domínguez Barro con D.N.I. nº: 77593826Z e con domicilio en Vilar, 19 (27878 Lago), para a súa inclusión como autónomo no Plan de Emprego do ano 2008.

Visto o preceptivo informe do Departamento de Emprego e Desenvolvemento Local, no que sinala que incumpre a base segunda do PEM de autónomos no que sinala que “*Requisitos: Poderán solicitar unha subvención ao abeiro do PEM aquelas persoas que estean empadroadas e con residencia no municipio mínima de 6 meses anteriores á data de solicitude, requisito que se deberá manter durante toda a vixencia do expediente subvencionado que, de conformidade en estas bases e seguindo o procedemento establecido nas mesmas, creen o seu posto de traballo sempre que se dean de alta no réxime especial de autónomos ou no réxime especial do mar da seguridade social ou en mutualidade de colexio profesional, ou creen unha sociedade. A tal efecto, polo órgano competente poderán recadarse cantos documentos, informes*

ou antecedentes sexan precisos para o coñecemento da residencia no termo municipal, ben emitidos polos servizos municipais ou por calquera outro que proceda”; é visto que a solicitude aparece sen asinar e o enderezo da Tarxeta de Demandante de Emprego emitida o 07/02/2008 reflicte como enderezo do solicitante: CL La Ronda, 5 – 1ªA (39700 Castro Urdiales – Cantabria). Despois de pedir Informe á Policía Municipal, emítense establecendo que ***o solicitante non ten residencia efectiva no municipio.***

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A denegación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2008, en base ó informe anteriormente transcrito do Departamento de Emprego e Desenrolo Local de Concello.

2º) A notificación ó interesado os efectos procedentes.

D.7) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN AO CENTRO SOCIAL DE LAGO DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.

Vista solicitude formulada por D^a. Eva Gloria García Pereira con D.N.I. nº 33998242-X, con domicilio en C/ Camiño Apeadero, 35 – 2ªA (27870 Xove) na que manifesta que transcorridos seis meses de exercicio da actividade (dende o 01/02/2008 o 31/07/2008), iniciada a partir del 01-02-2008, produciuse unha perda ou déficit no mesmo segundo xustifica, polo que de conformidade coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto.

Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, de conformidade co acordo de 27 de decembro de 2007, a tenor do cal se establece a subvención máxima anual a percibir por importe de 2.400,00€ e visto que transcorreron seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A aprobación do libramento do importe de 1.200,00€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rentabilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.

2º) Procederase no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

D.8) SOLICITUDE DE MAGUEREZA, S.L DE VADO PERMANENTE DE 5 METROS PARA CARGA E DESCARGA EN AVDA. DIPUTACIÓN, 40 XOVE.

Vista solicitude formulada por Maguereza, S.L con C.I.F nº: B-27249291 con domicilio en Avda. Diputación, 40 Baixo (27870 Xove), para vado permanente de 5,00 metros para carga e descarga en Avda. Diputación, 40 – baixo (Xove), e da cal se adxunta croquis.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal que se transcribe de seguido:

- Informase favorablemente a concesión do vao que se solicita, sempre e cando non afecte o acceso a terceiros.

- O rebaixe e pintado de beirarrúa efectuarase de acordo coas prescricións técnicas municipais, non podendo iniciarse os traballos, en tanto en canto non se reformule por parte dos servizos técnicos deste concello, dito vado.

- Si as obras son feitas polos servizos de obras municipais o custo dos traballos analízase do modo seguinte para un vao de carga e descarga de 5,00 metros, de acordo

co vixente acordo regulador do prezo público pola prestación de servizos mediante persoal, maquinaria e outros medios municipais.

MAN DE OBRA:

9 horas de oficial de 1ª a 13 euros/hora.

9 horas de peón a 9,00 euros /hora

MATERIAIS:

Cemento.....30 euros

Arena.....15 euros.

GASTOS TOTAIS:

Man de obra.....198,00 €

Materiais..... 45,00 €

Total gasto 243,00 €

16% I.V.A.....38,88€

Valoración Municipal281,88€

Por unanimidade en votación ordinaria, acórdase :

1º) Conceder o vado permanente solicitado.

2º) Previo ó inicio das obras por parte dos Servizos Municipais, deberá aportar nas oficinas municipais o pertinente xustificante bancario do pago da liquidación practicada.

D.9) SOLICITUDE DE D. JESUS LESTEGAS CASARIEGO DE CONCESIÓN DE ENTRONCAMENTO DE AUGA E REDE DE SUMIDOIROS PARA OBRA EN PEDRIDE - XOVE.

Vista solicitude presentada por D. Jesús Lestegas Casariego, con D.N.I. nº:33.817.424-H, con domicilio en Avda. Diputación, 24 – 4ºB (27870 Xove), para entroncamento de auga e rede de sumidoiros, para obras sita en Pedride - Xove, por parte desta Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto informe do fontaneiro municipal no que sinala que será necesario a construción dunha arqueta de chaves, a canalización de 1,5 metros de tubería de 25 en 10Atm. U.A e colocación dun contador e valorase a obra a realizar de acordo co vixente Acordo Regulador do prezo público pola prestación de servizos mediante persoal, maquinaria e outros medios municipais, en 239,25€ co seguinte desglose:

1 Arqueta con tapa de 40x40	34,86€
1 Collarín de 40 jinten	4,25€
1 Hormigón de recubrimiento	6,97€
1 Llave de ¾ bola	6,13€
1 Llave de paso	8,92€
1 Mamelón de 1" latón	2,61€
4 Mano obra 1 oficial e 2 peóns	124,00€
1 Metros canalización	3,00€
1 Reducción de 1" - ¾ latón	2,23€
1 Reposición baldosa.....	6,97€
2 Terminales de 25 -3/4 jinten	2,90€
2 Metros de tubo de 25 en 10 Atm	3,41€
Subtotal:.....	206,25€
IVA 16%:.....	33,00€
TOTAL	239,25€

Por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión do entroncamento de auga e á rede de sumidoiros solicitado por D. Jesús Lestegas Casariego para construción de vivenda sita en Pedride – Xove.

2º) O presente entroncamento outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa e gastos correspondentes, ó cal efecto se lle transmitirá a oportuna valoración polos servizos municipais, que realizarán o entroncamento, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación, debendo ser instalado o contador polos servizos municipais.

D.10) SOLICITUDE DE D. JESUS ANTONIO SUAREZ OLIVER DE CONCESIÓN DE ENTRONCAMENTO DE AUGA PARA FINCA EN TILLEIRA - XOVE.

Vista solicitude presentada por D. Jesús Antonio Suárez Oliver, con D.N.I. nº: 33.994.257-G, con domicilio en Avda. Diputación, 45 (27870 Xove), para entroncamento de auga para finca sita en Tilleira – Xove. Polígono 71 Parcela 757, por parte desta Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto informe do fontaneiro municipal no que sinala que será necesario a construción dunha arqueta de chaves, a canalización de 4 metros de tubería de 25 en 10Atm. U.A e colocación dun contador e valorase a obra a realizar de acordo co vixente Acordo Regulador do prezo público pola prestación de servizos mediante persoal, maquinaria e outros medios municipais, en 237,47€co seguinte desglose:

1 Arqueta con tapa de 40x40	34,86€
1 Collarín de de 40 jinten	4,25€
1 Llave de ¾ bola	6,13€
1 Llave de paso	8,92€
1 Mamelón de latón	2,61€
4 Mano obra 1 oficial e 2 peóns	124,00€
4 Metros canalización	12,00€
1 Reducción de 1” - ¾ latón	2,23€
2 Terminales de 25 -3/4 jinten	2,90€
4 Metros de tubo de 25 en 10 Atm	6,82€
Subtotal:.....	204,72€
IVA 16%:.....	32,75€
TOTAL	237,47€

Por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión do entroncamento solicitado por D. Jose Antonio Suárez Oliver para finca sita en Tilleira – Xove.

2º) O presente entroncamento outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa e gastos correspondentes, ó cal efecto se lle transmitirá a oportuna valoración polos servizos municipais, que realizarán o entroncamento, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación, debendo ser instalado o contador polos servizos municipais.

D.11) ESCRITO DE D. IGNACIO RODRIGUEZ BASANTA SOLICITANDO A BAIXA NO SERVIZO DE AUGAS E RECOLLIDA DE LIXO.

Por Secretaría dáse conta do escrito de D. Ignacio Rodríguez Basanta con domicilio en Beltrán, S/n (27878 Lago) no que solicita a baixa no servizo de augas e recollida de lixo do Concello, con nº de recibo 1500200.

Visto o informe do Fontaneiro Municipal, no que sinala que procede devandita baixa.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Autoriza-la baixa solicitada.

2º) A notificación ó interesado así como ó Servizo de Augas do Concello, os efectos de baixa do devandito recibo.

D.12) ESCRITO DE D. IGNACIO RODRIGUEZ BASANTA SOLICITANDO A BAIXA NO SERVIZO DE AUGAS E RECOLLIDA DE LIXO.

Por Secretaría dáse conta do escrito de D. Ignacio Rodríguez Basanta con domicilio en Beltrán, S/n (27878 Lago) no que solicita a baixa no servizo de augas e recollida de lixo do Concello, con nº de recibo 1512500.

Visto o informe do Fontaneiro Municipal, no que sinala que procede devandita baixa.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Autoriza-la baixa solicitada.

2º) A notificación ó interesado así como ó Servizo de Augas do Concello, os efectos de baixa do devandito recibo.

D.13) ESCRITO DE D^a. MARIA ADELAIDE RIVEIRO CARVALHO SOLICITANDO A BAIXA NO SERVIZO DE AUGAS E RECOLLIDA DE LIXO.

Por Secretaría dáse conta do escrito de D. María Adelaide Riveiro Carvalho con domicilio en Os Chozos, 2 – 1ºG (27870 Xove) no que solicita a baixa no servizo de augas e recollida de lixo do Concello, con nº de recibo 807700.

Visto o informe do Fontaneiro Municipal, no que sinala que procede devandita baixa.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Autoriza-la baixa solicitada.

2º) A notificación ó interesado así como ó Servizo de Augas do Concello, os efectos de baixa do devandito recibo.

D.14) SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DE XORNADA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR DE D. CELSO MIGUEZ LAMELAS.

Vista solicitude formulada por D. Celso Míguez Lamelas con domicilio en Vilacha, 36 (27877 Portocelo) na que solicita a ampliación de 1 hora do Servizo Municipal de Axuda no Fogar que pasará a ser de 4 horas/semanais.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Aumentar o número de horas da solicitante para que pasen a ser 4 horas semanais.

2º) A notificación ó interesado, os efectos oportunos

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo D^a Ilia Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.15) SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR FORMULADA POR D^a. MARIA FENE PEREZ CASARIEGO.

Vista solicitude formulada por D^a. María Fene Pérez Casariego, con D.N.I. nº: 76536419-D, con domicilio en Pazo, 2 (27879 Rigueira), na que pide a súa inclusión no Servizo de Axuda no Fogar, constando no expediente segundo o informe social a situación de enfermidade e a súa repercusión, e descríbese a situación familiar, informándose favorablemente a concesión do servizo durante 4 horas semanais; trala deliberación, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) Autorizar a inclusión no Servizo de Axuda no Fogar de D^a. Maria Fene Pérez Casariego como beneficiaria do mesmo, durante 4 horas semanais; debendo aboar o importe de 4,76€/hora, según o baremo existente. Duración do servizo: 1 ano.

2º) Facultar á Alcaldía-Presidentencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo Dª Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.16) SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR FORMULADA POR Dª. JOSEFA MARISA CASABELLA FERNÁNDEZ.

Vista solicitude formulada por Dª. Josefa Marisa Casabella Fernández, con D.N.I. nº 33763946-S, con domicilio en Xanarde, 30 (27878 Sumoas), na que pide a súa inclusión no Servizo de Axuda no Fogar, constando no expediente segundo o informe social a situación de enfermidade e a súa repercusión, e descríbese a situación familiar, informándose favorablemente a concesión do servizo durante 3 horas semanais; trala deliberación, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) Autorizar a inclusión no Servizo de Axuda no Fogar de Dª. Josefa Marisa Casabella Fernández como beneficiaria do mesmo, durante 3 horas semanais; debendo aboar o importe de 4,76 €/hora, según o baremo existente. Duración do servizo: 6 meses.

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo Dª Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.17) SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR FORMULADA POR Dª. MARIA ISABEL LOPEZ PEDREIRA.

Vista solicitude formulada por Dª. María Isabel López Pedreira, con D.N.I. nº: 76557752-K, con domicilio en Aldea de Arriba, 23 (27876 Morás), na que pide a súa inclusión no Servizo de Axuda no Fogar, constando no expediente segundo o informe social a situación de enfermidade e a súa repercusión, e descríbese a situación familiar, informándose favorablemente a concesión do servizo durante 4 horas semanais; trala deliberación, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) Autorizar a inclusión no Servizo de Axuda no Fogar de Dª. María Isabel López Pedreira como beneficiaria do mesmo, durante 4 horas semanais; debendo aboar o importe de 4,76€/hora, según o baremo existente. Duración do servizo: 6 meses.

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo Dª Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.18) SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR FORMULADA POR Dª. MARIA CARMEN FRAGA PARDEIRO.

Vista solicitude formulada por Dª. María Carmen Fraga Pardeiro, con D.N.I. nº: 33768767-Y, con domicilio en Penasagudas, 16 (27879 Monte), na que pide a súa inclusión no Servizo de Axuda no Fogar, constando no expediente segundo o informe social a situación de enfermidade e a súa repercusión, e descríbese a situación familiar, informándose favorablemente a concesión do servizo durante 4 horas semanais; trala deliberación, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) Autorizar a inclusión no Servizo de Axuda no Fogar de Dª. María Carmen Fraga Pardeiro como beneficiaria do mesmo, durante 4 horas semanais; debendo aboar o importe de 4,76€/hora, según o baremo existente. Duración do servizo: 6 meses.

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo Dª Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.19) ESCRITO DA ASOCIACION CULTURAL DEPORTIVA XOVE SOLICITANDO LIBRAMENTO DO PORCENTAXE PENDENTE DE SUBVENCIÓN, CONCEDIDO NA XGL DO 27/02/2008.

Vista solicitude de D. Ovidio Rouco Otero, en calidade de tesoureiro da Asociación Cultural Deportiva Xove, con domicilio en Camiño Real, 34 – 4ºIzq (27870 Xove) os efectos de xustificación de gastos e solicitude de libramento do porcentaxe pendente de percibir da subvención concedida por importe de 18.000,00€ na Xunta de Goberno Local do 27 de febreiro de 2008.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

- 1º) Acepta-la xustificación de gastos presentada, según facturas adxuntas.
- 2º) O libramento do 30% pendente de percibir por importe de 5.400,00€

D.20) SOLICITUDE DE D. JUAN LUIS DEL RIO BALSEIRO DE BAIXA NO PADRÓN DE VEHÍCULOS EXENTOS POR MINUSVALÍA.

Vista a solicitude formulada por D. Juan Luis del Rio Balseiro, con D.N.I: 77591686-J, con domicilio en Vilacha, 42 (27877 Portocelo), no que solicita a baixa no Padrón de minusvalías do seu vehículo Peugeot 205 matrícula LU-1633-U, motivado pola adquisición doutro vehículo.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

- 1º) Informar favorablemente a baixa solicitada.
- 2º) A remisión de toda a documentación ó Servizo Provincial de Recaudación, sito en C/Tui, 5 27004 (Lugo), os efectos da resolución da solicitude presentada.

D.21) ESCRITO DE D. JUAN LUIS DEL RIO BALSEIRO SOLICITANDO EXENCION POR MINUSVALÍA DO IMPOSTO MUNICIPAL DE VEHICULOS.

Visto escrito de D. Juan Luis del Rio Balseiro con DNI nº: 77591686-J, con domicilio en Vilacha, 42 (27877 Portocelo) no que presenta certificado de minusvalía con grado 33,5%, sendo titular dun vehículo Opel Meriva con matricula 8292 FCT; visto que a Lei 39/1988 Reguladora das Facendas Locais outorga a exención de pagar o Imposto Municipal de Vehículos ás persoas que teñan un grado igual ou superior ó 33%; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

- 1º) Informar favorablemente a exención solicitada.
- 2º) A remisión de toda a documentación ó Servizo Provincial de Recaudación, sito en C/Tui, 5 27004 (Lugo), os efectos da resolución da solicitude presentada.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as dezanove horas, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR
O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.